



BASES DE SELECCIÓN DA SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO DIRIXIDAS AS ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO PARA A SELECCIÓN DE HOSPITALEROS VOLUNTARIOS NA REDE PÚBLICA DE ALBERGUES DE PEREGRINOS DE GALICIA

ANTECEDENTES

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, constituída o 13.11.1991, é unha sociedade pública autonómica con capital social integramente de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Constitúen o seu obxecto social entre outros, a realización de actividades dirixidas á xestión dos servizos comúns da rede publica galega de albergues de peregrinos e máis as relacións coas asociación de amigos do Camiño de Santiago.

O Camiño de Santiago é un fenómeno de peregrinación que dende hai séculos e ata o día de hoxe acolle a peregrinos de diversas nacionalidades que procuran a tumba do apóstolo Santiago na Catedral compostelá.

Na actualidade numerosas entidades promoven o exercicio da hospitalidade tradicional, entendida como un servizo voluntario e desinteresado, sen ánimo de lucro, para acollida fraternal aos peregrinos xacobeos en numerosos albergues espallados por todos os camiños xacobeos. Moitos destes albergues están atendidos por hospitaleiros voluntarios.

As presentes bases para a selección de hospitaleiros voluntarios na rede publica galega de albergues de peregrinos teñen por finalidade a mellora da atención e da acollida aos peregrinos que percorren o Camiño de Santiago en Galicia, moi especialmente aos peregrinos estranxeiros, que son xa maioritarios no conxunto das rutas xacobeas.

As bases establecen os requisitos e destinatarios dos procesos que deben permitir que unha parte dos albergues da rede pública poda contar coa presenza de hospitaleiros voluntarios que colaboren na acollida e hospitalidade aos peregrinos.

As Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago xogan neste senso un papel fundamental, dado que son propoñentes dos hospitaleiros. Estes deben acreditar que teñen recibido formación específica por parte da súa asociación como hospitaleiro voluntario e que desenvolverán a súa actividade, voluntaria e non remunerada, nun dos albergues de peregrinos da rede publica galega de albergues de peregrinos por un período máximo de quince días, adaptándose as normas de funcionamento do albergue que seguirá contando co correspondente albergueiro.

En virtude do exposto :





1.-Obxecto.

Establécense as bases de selección dirixidas as asociacións de amigos do Camiño de Santiago, para a participación dos socios que teñan recibido formación específica por parte da súa asociación como hospitaleiro voluntario e que desenvolverán a súa actividade, voluntaria e non remunerada, nun dos albergues de peregrinos da rede publica galega de albergues de peregrinos por un período máximo de quince días, adaptándose as normas de funcionamento do albergue que seguirá contando co correspondente albergueiro.

2.-Solicitud.

Poderán solicitar a súa participación as Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, e outras entidades que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación, legalmente constituídas, e que teñan como obxecto principal o desenvolvemento de accións relacionadas co Camiño de Santiago e a peregrinación xacobeá, e que consten nas base de datos de asociacións da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo .

3-Requisitos.

O hospitaleiros voluntarios que participen, serán propostos pola Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, a que pertencen. Esta solicitará a súa inclusión nesta acción, e acreditará que teñen recibido formación específica nesta materia e por tanto a súa condición de "hospitaleiros voluntarios".

A selección realizarase conforme aos principios de igualdade, concorrencia e obxectividade.

4.- Funcións dos hospitaleiros.

A función dos hospitaleiros voluntarios será a acollida e acompañamento aos peregrinos que acoden ao albergue, dentro do horario de apertura do mesmo de 13,00 a 22,00 horas. A tal fin dispoñerán dunha habitación específica para aloxarse durante a súa estancia nun dos albergues da rede publica galega de albergues de peregrinos.

5.-Normas dos albergues.

Os hospitaleiros voluntarios que participan respectarán en todo momento as normas establecidas. Os albergues da rede publica galega de albergues de peregrinos funcionan de acordo coas normas e/ou indicacións da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e da empresa adxudicataria do servizo da súa xestión. Os hospitaleiros voluntarios abstendránse de calquera conduta o comportamento que interfira de calquera xeito co desempeño das funcións dos albergueiros que traballan na rede publica galega de albergues de peregrinos.





6.-Responsabilidade.

6.-1.-As actuacións dos hospitaleiros voluntarios non implicarán relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo coa Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

A tal fin nin a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo nin a empresa adxudicataria do servizo retribuirán de ningún xeito, nin ditarán ordes aos hospitaleiros voluntarios, comprometéndose estes a desenvolver unicamente a súa función de participación voluntaria de acordo coas normas vixentes nos albergues.

6.-2.-A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo só se compromete a acollida de hospitaleiros voluntarios nas habitacións habilitadas para este fin nos albergues acordados, e farase cargo do abono do seguro de accidentes, e responsabilidade civil.

7.-Albergues.

Os albergues da rede pública galega de albergues de peregrinos preparados para a acollida na edición de 2019 son os seguintes :

- Muxía (Camiño Fisterra-Muxía)
- O Cebreiro. Pedrafita do Cebreiro (Camiño Francés)
- Triacastela (Camiño Francés)
- Santa Irene. O Pino (Camiño Francés)
- Arca. O Pino (Camiño Francés)
- Monte do Gozo. Santiago de Compostela (Camiño Francés)
- Sergude. Carral (Camiño Inglés)
- Baamonde. Begonte (Camiño Norte)
- Valga (Camiño Portugués)
- Pontecesures (Camiño Portugués)
- Castroverde (Camiño Primitivo)
- Lugo (Camiño Primitivo)
- Seixas. Palas de Rei (Camiño Primitivo)

8.- Prazo e forma de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán dirixirse a esta Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, mediante o formulario que se anexa, ben por correo electrónico á conta de correo electrónico "hospitaleros@xacobeo.org", ben a través do rexistro da Sociedade. As solicitudes, se atenderán en función da súa orden de presentación, e deberán indicar por orde de preferencia as datas e máis os albergues elixidos ata un número máximo de 5.

9.- Lexislación

Será de aplicación a Lei 45/2015 de 14 de outubro e a Lei 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO
Estrada Santiago-Noia, km 3
A Barcia, 15897, Santiago de Compostela
www.caminodesantiago.gal



9.- Xurisdición

A xurisdición aplicable é a xurisdición civil.

10-Datos de carácter persoal

Os datos persoais recabados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo coa finalidade de levar a cabo a selección dos hospitaleiros voluntarios na rede publica galega de albergues de peregrinos.

Os datos serán comunicados a entidade que explota o albergue no que o hospitaleiro voluntario leve a cabo as súas funcións.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): os interesados poderanse poñer en contacto co Delegado de Protección de Datos correspondente segundo o especificado en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

(asinado dixitalmente)
Isaías Juan Calvo de la Uz
Director de Administración e
Relacións coas Asociacións de
Amigos do Camiño de Santiago



Xacobeo 2021

